

10º INFORME
2020

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DO INDICADOR DE RISCO DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL (AROPE) EN GALICIA

2008-2019



Contido

Introdución	3
Risco de Pobreza e/ou Exclusión social (AROPE)	4
Risco de pobreza e exclusión (AROPE) por CCAA.....	5
Compoñentes da taxa AROPE	6
Risco de pobreza.....	6
Pobreza severa.....	7
Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos.....	8
Baixa intensidade de emprego no fogar (BITH).....	8
Privación ou carencia material severa.....	9
O reparto da renda entre a poboación	13
Renda media por unidade de consumo.....	13
Resumo	15

INTRODUCCIÓN

Este informe executivo forma parte do X Informe “El Estado de la Pobreza en España 2020”¹ que ven de presentar a Rede Europea de Loita contra la Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza forma parte.

En base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2019² do Instituto Nacional de Estadística (INE) ou do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, pretende ofrecer unha avaliación do grado de cumprimento do obxectivo social especificado na Estratexia Europa 2020. No caso de Galicia, a mostra utilizada para obter os datos é de 2.215 persoas (869 fogares), un 9,2% mais que no ano anterior, aumentando a fiabilidade da mesma.

Dos grandes parámetros estadísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ó **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (ARPE)**. Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

- 1. Risco de Pobreza.** Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)³. En 2019 supuxo ingresar menos de 9.009€ ao ano (750€ ao mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 18.918€ ao ano (1.576€ ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores de 14 anos.
- 2. Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior a 0,2.
- 3. Privación ou carencia material severa (PMS).** Vivir nun fogar no que os seus membros non poden permitirse polo menos catro de nove conceptos ou ítems de consumo básico definidos a nivel europeo.
 - Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) nos últimos 12 meses.
 - Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
 - Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
 - Non pode permitirse unha comida de carne, pito ou peixe polo menos cada dous días (ou o seu equivalente vexetariano).
 - Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (por un importe de ata 650€).
 - Non pode permitirse dispor de teléfono.
 - Non pode permitirse dispor dun televisor en cor.
 - Non pode permitirse dispor dunha lavadora.
 - Non pode permitirse dispor dun automóbil.


¹ <https://www.eapn.es/estadodepobreza/>

² https://ine.es/prensa/ecv_2019.pdf

³ En todo o informe se utiliza o limiar estatal de pobreza e non tanto os limiares de cada unha das CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é imprescindible para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza e a exclusión en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial é un dos seus valores máis importantes.

Este ano cobra especial relevancia os datos aquí reflexados, pois trátase dun **debuxo da situación coa que a poboación galega tivo que afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia** pola Covid-19.

RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (ARPE)




O 24,3% da poboación galega está en risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2019, o que supón un incremento de 1,3 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior. En termos absolutos, 655.316 galegos e galegas estaban nesta situación, 32.698 máis que no ano anterior.

Galicia: Población AROPE por sexo

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
POB. TOTAL	2.754.768	2.767.474	2.772.457	2.773.415	2.771.916	2.761.970	2.747.226	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441
Hombres	1.328.706	1.336.280	1.339.618	1.340.811	1.340.856	1.335.964	1.328.373	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453
Mujeres	1.426.062	1.431.194	1.432.839	1.432.604	1.431.060	1.426.006	1.418.853	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988
% AROPE	25,1%	24,6%	22,7%	21,0%	23,8%	24,3%	23,8%	25,7%	25,4%	22,6%	23,0%	24,3%
% Hombres	23,7%	22,8%	22,2%	20,6%	24,1%	23,4%	24,0%	25,3%	25,0%	20,7%	22,1%	24,5%
% Mujeres	26,3%	26,2%	23,1%	21,3%	23,6%	25,2%	23,6%	26,0%	25,7%	24,4%	23,9%	24,1%
TOTAL POB. AROPE	691.447	680.799	629.348	582.417	659.716	671.159	653.840	702.807	690.906	612.489	622.618	655.316
Hombres en AROPE	314.959	304.886	297.378	275.553	323.513	312.195	318.676	334.705	328.516	270.485	287.941	318.755
Mujeres en AROPE	375.301	375.537	330.806	305.746	337.040	359.517	334.476	367.680	361.255	341.964	334.694	336.556

A vista dos datos, a recuperación económica non chegou á maioría das persoas que se atopaban en situación de pobreza e/ou exclusión social. **Especialmente na poboación masculina**, cuxa taxa **amentou 2,4 puntos, do 22,1% ao 24,5%**. **Moito mais que o aumento da taxa nas mulleres que aumentou de 0,2 puntos, do 23,9% ao 24,1%**, situándose por debaixo da masculina por primeira vez dende o 2014. Aínda que este dato debe matizarse ao analizar o detalle dos indicadores que compoñen a taxa AROPE e que inciden na tradicional situación estrutural de feminización da pobreza.


RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN (AROPE) POR CCAA



Galicia é unha das oito comunidades autónomas que ten conseguido reducir a súa taxa AROPE a cifras anteriores ás do comezo da crise no 2008. Porén, os datos do 2019 converten a Galicia nunha das catro comunidades españolas que aumentaron a súa taxa AROPE respecto ao ano anterior, aínda que siga estando **levemente situada por debaixo da media nacional**, concretamente 1 punto porcentual.


O comportamento da taxa AROPE pode cualificarse de especialmente positivo en La Rioja, Cantabria, Illes Balears e Extremadura. Pola contra, hai unha evolución moi negativa en Asturias, Euskadi e Aragón.

As taxas de risco de pobreza ou exclusión máis elevadas son en Ceuta (45,9%), Melilla (38,5%) e Andalucía (37,7%). As máis baixas en Navarra (11,7%), Euskadi (14,4%) e Illes Balears (15,1%) .



COMPOÑENTES DA TAXA AROPE

RISCO DE POBREZA



No ano 2019, a taxa de risco de pobreza incrementouse algo máis dun punto porcentual, alcanzando o 20% da poboación. Debe destacarse que desde 2008, as cifras de pobreza mantivéronse por debaixo das iniciais. No conxunto do período a taxa de pobreza diminuíu 9 décimas, o que supón que 35.000 persoas saíran da mesma.


En termos absolutos, **Galicia ten unhas 540.729 persoas** en risco de pobreza, 31.623 máis que o ano anterior.

En canto á diferenza segundo sexo, as cifras igúalanse chegando a unha taxa do 20% tanto en homes coma en mulleres. Isto é debido ao aumento superior do 0,2% da taxa de homes en comparación ao 0,1% do aumento en mulleres con respecto ao ano anterior. En termos absolutos, hai 279.000 mulleres en risco de pobreza e 261.231 homes.

Galicia: Población en POBREZA por sexo

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
POB. TOTAL	2.754.768	2.767.474	2.772.457	2.773.415	2.771.916	2.761.970	2.747.226	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441
Hombres	1.328.706	1.336.280	1.339.618	1.340.811	1.340.856	1.335.964	1.328.373	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453
Mujeres	1.426.062	1.431.194	1.432.839	1.432.604	1.431.060	1.426.006	1.418.853	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988
% POBREZA	20,9%	20,6%	18,1%	16,1%	18,3%	17,2%	15,4%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%
% Hombres	19,5%	18,7%	17,9%	15,7%	18,3%	16,4%	14,9%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%
% Mujeres	22,1%	22,4%	18,3%	16,6%	18,3%	17,8%	15,8%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%
TOTAL POB. POBRE	575.747	570.100	501.815	446.520	507.261	475.059	423.073	530.523	516.819	506.794	509.106	540.729
Hombres en POBREZA	259.266	249.638	239.281	210.085	245.539	219.627	198.039	254.427	251.242	220.664	245.398	261.231
Mujeres en POBREZA	315.856	320.288	262.656	237.834	261.534	254.266	224.178	276.850	265.824	286.685	263.709	279.498

POBREZA SEVERA




No 2019 a taxa de pobreza severa alcanzou o 7,9% da poboación galega, incrementándose 4 décimas. Deste xeito, a ausencia de variación na taxa nacional fai que e os datos de Galicia se aproximen.

Galicia ten 212.000 persoas en pobreza severa, o que supón 9.000 máis ca o ano anterior.

Como se verá posteriormente, o deterioro da calidade de vida das persoas en peor situación, é unha conclusión que non so se obtén a partir do empeoramento da taxa de pobreza severa senón tamén co doutros indicadores como o crecemento da privación material severa ou a porcentaxe de persoas que se sitúan nos decís 1 e 2 de menores ingresos.

Considérase que unha persoa está en pobreza severa cando vive nun fogar cuns ingresos inferiores a 500€ ao mes por unidade de consumo (é dicir, por debaixo do 40% da mediana da renda nacional)⁴. En 2019 supuxo ingresar menos de 6.006€ ao ano (500,5 €/mes) nun fogar dunha persoa, menos de 12.613 €/ano (1.051 €/mes) nun fogar con dous adultos e dous menores de 14 anos ou menos de 11.411 €/ano (951 €/mes) nun fogar monoparental no que un adulto (no 80% dos casos unha muller) coída de tres menores.



⁴ Tras a decisión da Eurostat, este comenza a tomarse como referencia o 40% da mediana da renda nacional e non o 30% como se viña facendo ate agora.

FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

Respecto ós ingresos da poboación maior, cuxas rendas están case totalmente determinadas polo importe da pensión que reciben, a táboa seguinte amosa que **332.000 persoas, unhas 5.000 máis que o ano anterior, reciben unha pensión cuxo importe é inferior ó mínimo considerado para non ser pobre.**

É dicir, o 43,4% de tódalas pensións e o 52,5% das de viuvez (case todas de mulleres) teñen un importe inferior ó limiar de pobreza. Ademais, para o 20,5% do total o importe da pensión é inferior ó limiar de pobreza severa (calculado para 14 mensualidades segundo o 40% da mediana da renda).


Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2019)	Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)						644 €
	Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)						429 €
GALICIA	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas as pensións	
Hasta 150 €	460	16.064	8.020	2.124	88	26.756	
De 150,01 a 429 €	3.125	52.625	60.916	12.882	904	130.452	
De 429,01 a 450 €	743	7.800	5.050	251	35	13.879	
De 450,01 a 644 €	23.612	106.446	23.953	3.108	4.760	161.880	
De 644,01 a 1.000 €	23.923	143.457	68.142	4.422	538	240.481	
De 1.000,01 a 2.000 €	15.218	106.402	20.421	706	295	143.042	
Más de 2.000 €	2.891	47.689	122	37	12	50.751	
Todos os tramos	69.972	480.483	186.624	23.530	6.632	767.241	
TOTAL EN POBREZA	27.940	182.935	97.939	18.365	5.787	332.967	
%	39,9%	38,1%	52,5%	78,0%	87,3%	43,4%	
TOTAL EN POBREZA SEVERA	3.585	68.689	68.936	15.006	992	157.208	
%	5,1%	14,3%	36,9%	63,8%	15,0%	20,5%	

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo, Migracións y Seguridad Social

BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

O **11,9%** da poboación menor de 60 anos que reside en Galicia, é dicir, unhas **218.000 persoas, 12.000 máis que o ano anterior, vive en fogares con baixa intensidade de emprego.** A cifra incrementouse oito décimas e, por segundo ano consecutivo desde 2010, sitúase enriba da media nacional. O preocupante empeoramento deste indicador debese exclusivamente ao **mal desempeño da taxa masculina** que incrementouse en algo máis de dous puntos porcentuais. A taxa feminina, pola contra, reduciuse sete décimas, o que reverteu as diferencias en función do sexo.

BITH 2008-2019 (0 a 59 anos)



Fonte: INE

Neste sentido, a taxa BITH das mulleres, que en dez dos once anos anteriores era superior á dos homes, pasa a ser do 11,1%, é dicir, 1,5 puntos máis reducida que a masculina, que chega ao 12,6%.

Compre salientar de novo que o indicador BITH fala de cantas persoas atoparon un emprego pero non das condicións ou calidade do mesmo. Deste xeito, unha persoa podería estar traballando nunha xornada de 40h semanais pero cun salario que non lle permita afrontar tódolos gastos básicos de vivenda e alimentación. De feito, non conxunto do estado o 13,2% das persoas ocupadas están en situación de pobreza.

Este é un dos datos máis preocupantes: o acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para a saída da pobreza, pero a Enquisa de Condicións de Vida reflicte que **as persoas accederon de xeito moi limitado ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e se o atoparon foi de baixa calidade** e en condicións de precariedade laboral.


Galicia: Población en BITH por sexo (0 a 59 años)

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
59)	2.011.969	2.012.055	2.004.281	1.994.291	1.977.095	1.955.315	1.932.406	1.909.054	1.888.491	1.869.675	1.853.552	1.840.840
Hombres	1.012.761	1.012.483	1.008.517	1.003.232	995.163	983.567	971.198	958.924	947.926	938.265	929.769	923.177
Mujeres	999.208	999.572	995.764	991.059	981.932	971.748	961.208	950.130	940.565	931.410	923.783	917.663
% BITH	7,6%	7,9%	12,2%	11,9%	14,7%	14,1%	14,9%	13,8%	13,6%	12,0%	11,1%	11,9%
% Hombres	6,9%	7,5%	11,7%	11,1%	12,8%	12,4%	14,9%	14,5%	12,7%	11,8%	10,5%	12,6%
% Mujeres	8,4%	8,3%	12,6%	12,6%	16,7%	15,8%	14,9%	13,1%	14,5%	12,2%	11,8%	11,1%
59)	152.910	158.952	244.522	237.321	290.633	275.699	287.928	263.449	256.835	224.361	206.088	218.343
Hombres en BITH	69.420	76.229	118.263	111.114	127.129	121.790	144.751	139.368	120.078	110.611	97.255	116.297
Mujeres en BITH	83.463	83.250	125.279	125.267	163.776	153.193	142.800	124.827	136.191	113.663	108.865	102.025

PRIVACIÓN OU CARENCIA MATERIAL SEVERA

PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA 2008-2019

Galicia



Fonte: INE

Galicia: Población en PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA por sexo

Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
POB. TOTAL	2.754.768	2.767.474	2.772.457	2.773.415	2.771.916	2.761.970	2.747.226	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149	2.700.441
Hombres	1.328.706	1.336.280	1.339.618	1.340.811	1.340.856	1.335.964	1.328.373	1.322.014	1.314.634	1.309.447	1.305.378	1.303.453
Mujeres	1.426.062	1.431.194	1.432.839	1.432.604	1.431.060	1.426.006	1.418.853	1.412.641	1.405.467	1.400.681	1.397.772	1.396.988
% PMS	3,0%	3,4%	4,4%	2,5%	4,1%	4,6%	5,5%	4,2%	4,1%	2,4%	1,6%	3,6%
% Hombres	3,5%	3,8%	4,1%	2,3%	3,4%	4,0%	5,1%	3,6%	4,0%	2,3%	2,0%	3,7%
% Mujeres	2,4%	3,1%	4,7%	2,6%	4,6%	5,2%	5,8%	4,8%	4,2%	2,4%	1,2%	3,6%
TOTAL POB. PMS	82.643	94.094	121.988	69.335	113.649	127.051	151.097	114.856	111.524	65.043	43.497	97.573
Hombres en PMS	46.884	50.897	54.590	31.462	46.254	53.719	67.692	48.170	53.197	30.021	26.158	47.858
Mujeres en PMS	34.607	44.344	67.370	37.768	66.069	73.644	82.418	67.815	59.500	34.045	17.333	49.713

No ano 2019, 97.573 persoas, **o 3,6% da poboación de Galicia, vivía en condicións de Privación Material Severa**, é dicir, non podía facer fronte polo menos a catro dos nove conceptos de consumo básico definidos a nivel europeo que se mostran na táboa seguinte. Aínda así, esta mantense algo máis de 1 punto porcentual por debaixo da nacional (4,7%)

O aumento da porcentaxe de persoas en Privación Material Severa fronte ao 1,6% do ano anterior, supón rachar con catro anos de intensa diminución. Con respecto ao 2018, incrementáronse 4 ítems e reducíronse outros dous.

E imprescindible destacar o **forte crecemento da Privación Material Severa especialmente nas mulleres**. Do 1,2% ao 3,6%, mentres a dos homes pasa do 2% ao 3,7%. Este empeoramento confirma o que se afirmaba no indicador de baixa intensidade de emprego: a baixa calidade do emprego ao que puideron acceder moitas persoas, sobre todo as mulleres, non significou de ningún modo unha mellora nas súas carencias materiais.

Se ás dificultades de acceso a un emprego digno se lle une o aumento dos custes vinculados coa vivenda, se entenden as decisións de priorización de gasto de moitas persoas e pobreza.

Galicia: ÍTEMS DE PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA


Nacional	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	36,2%	42,0%	42,7%	40,9%	46,6%	48,0%	46,4%	41,5%	40,3%	34,3%	34,1%	33,5%
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	2,2%	2,1%	2,6%	3,2%	2,6%	3,5%	3,3%	2,6%	2,9%	3,7%	3,6%	3,8%
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	5,9%	7,2%	7,5%	6,5%	9,1%	8,0%	11,1%	10,6%	10,1%	8,0%	9,1%	7,6%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	29,9%	36,5%	38,7%	37,6%	42,1%	42,1%	42,7%	39,8%	38,7%	36,6%	35,9%	33,9%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	8,2%	11,0%	11,7%	8,7%	10,9%	11,9%	12,5%	11,7%	10,6%	9,3%	9,4%	8,3%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	5,9%	5,7%	5,9%	5,6%	5,7%	6,2%	6,0%	5,8%	6,0%	4,7%	5,1%	4,7%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,9%	8,1%	7,6%	5,6%	6,6%	6,7%	7,2%	7,1%	7,2%	5,1%	5,5%	5,6%
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
1) No puede permitirse ir de vacaciones al menos una semana al año	38,4%	52,9%	48,2%	47,2%	48,8%	59,2%	55,3%	48,3%	46,3%	38,7%	42,6%	41,1%
2) No puede permitirse una comida de carne, pollo o pescado cada dos días	1,1%	1,5%	1,1%	2,0%	0,4%	5,5%	1,8%	1,2%	1,1%	3,3%	1,3%	8,9%
3) No puede permitirse mantener la vivienda con una temperatura adecuada	8,9%	12,6%	12,4%	5,4%	7,0%	12,2%	14,1%	13,7%	9,1%	6,7%	4,8%	6,0%
4) No tiene capacidad para afrontar gastos imprevistos	24,4%	33,6%	36,8%	30,0%	35,2%	36,6%	36,5%	27,4%	28,9%	21,6%	20,3%	24,4%
5) Retrasos en pago de gastos de vivienda principal en los últimos 12 meses	3,4%	6,7%	7,0%	5,6%	7,6%	5,9%	7,4%	7,8%	6,4%	4,5%	3,9%	5,6%
6) No puede permitirse disponer de un automóvil	3,9%	4,4%	3,9%	3,3%	5,1%	2,4%	2,5%	2,3%	2,3%	2,0%	2,9%	1,8%
No puede permitirse disponer de un ordenador personal	8,7%	8,7%	8,9%	5,4%	5,8%	5,2%	8,0%	6,7%	4,8%	2,6%	2,5%	3,6%

A situación de *emerxencia residencial* na que viven milleiros de familias galegas obsérvase no **empeoramento dos conceptos que teñen relación coa vivenda**. A porcentaxe de persoas que manteñen retrasos no pagamento de gastos de vivenda principal incrementouse do 3,9% ata o 5,6% e o de quenes non poden manter a vivenda cunha temperatura axeitada aumentou tamén dende o 4,8% ata o 6%.


Como se indica noutros apartados deste informe, e como denuncian de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza severa, o elevado gasto en vivenda non digna nin accesible que soportan está a actuar como un *aspirador de rendas* que restrinxe os seus ingresos practicamente á metade, **obriga a priorizar sobre gastos imprevistos ou mesmo da calidade da alimentación e que impide de facto calquera esperanza de éxito nos procesos de inclusión social e loita contra a pobreza.**

Deste xeito, é comprensible que o indicador de persoas sen capacidade para afrontar gastos imprevistos pase do 20,3% ao 24,4% da poboación galega ou que a porcentaxe de persoas que non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días se multiplique do 1,3% ata o 8,9%.


Non é casualidade que esta porcentaxe da Enquisa de Condicións de Vida do INE, coincida exactamente co dato do Ministerio de Hacienda de persoas residentes en Galicia que se atopan no decil 10 da renda, é dicir, que forma parte do 10% da poboación en maior pobreza e que ingresa menos de 6.266€/ano.




A evolución e os valores correspondentes dos factores que determinan este indicador poden verse nas táboas e gráficos seguintes.




Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada




Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días




Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos




Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano



Non pode permitirse dispor dun automóbil



Non pode permitirse dispor dun ordeador persoal




O REPARTO DA RENDA ENTRE A POBOACIÓN

RENDA MEDIA POR UNIDADE DE CONSUMO

Desde o 2010, despois de manter durante 3 anos un leve proceso de redución, a renda media por unidade de consumo da poboación de Galicia incrementouse progresivamente ata case alcanzar, no 2018, a renda media nacional. Porén no 2019 reduciuse en 137€ ata os 16.621€ (11.217€ por persoa) en 2019, cifra que é 666€ máis baixa ca media nacional.

RENDA MEDIA POR UNIDADE DE CONSUMO 2008-2019 GALICIA



	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
..... Nacional	16.190	17.042	16.922	16.280	16.119	15.635	15.405	15.408	15.842	16.390	16.937	17.287
— Galicia	14.374	15.113	15.764	15.450	15.333	15.037	15.273	15.133	15.428	15.880	16.758	16.621

Fonte: INE

A fragilidade e o empobrecemento das persoas en pobreza severa ou preto da mesma que reflicte a Encuesta de Condicións de Vida, e a **constatación de que non percibiron ningún tipo de recuperación económica** vese reforzado ao contrastarse cos datos de renda por deciles que ofrece o Ministerio de Hacienda.

Para a obtención dos datos por deciles, divídense en 10 tramos os ingresos de cada fogar, do que menos perciben ao que máis. As persoas en pobreza están no Decil 1 (ingresar menos de 6.267€ ao ano ou 522€ ao mes), Decil 2 (entre 6.267€ e 8.847€ ao ano) e no Decil 3 (entre 8.847 e 10.815€ ao ano).


A poboación de Galicia con ingresos por unidade de consumo nos tramos máis baixos de renda (deciles 1 e 2) aumentou do 17% ata o 19,8%; o que supón un aumento importante que incorpora 76.000 novas persoas ao grupo do 20% máis pobre da poboación.

Galicia: % Personas en decil de renta por u. c. (%) y renta máxima en cada decil												
Galicia	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Decil 1	8,2%	9,1%	7,3%	7,5%	8,1%	6,8%	5,3%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%	8,9%
Renta máxima	6.251,3	6.559,1	6.295,7	5.996,1	5.657,6	5.567,0	5.098,8	4.937,3	5.297,1	5.547,5	6.104,4	6.269,2
Decil 2	12,9%	10,6%	10,4%	8,0%	9,6%	9,8%	8,5%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%	10,9%
Renta máxima	8.410,3	8.788,5	8.602,3	8.259,5	8.124,4	8.053,8	7.427,0	7.550,7	7.684,1	8.143,5	8.548,9	8.846,8
Decil 3	13,5%	12,5%	11,8%	10,6%	9,8%	9,9%	11,4%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%	9,8%
Renta máxima	10.256,2	10.915,0	10.776,6	10.062,5	9.930,2	9.697,6	9.346,7	9.515,8	9.589,1	10.085,9	10.572,0	10.815,0
Decil 4	12,1%	12,5%	11,4%	12,9%	11,0%	14,3%	12,8%	11,3%	13,0%	11,1%	11,4%	10,1%
Renta máxima	12.064,9	12.848,0	12.648,7	11.956,5	11.857,4	11.584,6	11.227,9	11.410,6	11.634,0	12.149,8	12.647,2	12.997,1
Decil 5	11,2%	12,9%	12,6%	12,8%	14,1%	10,8%	11,7%	11,3%	13,0%	10,5%	10,7%	10,7%
Renta máxima	13.967,5	14.794,9	14.606,9	13.929,5	13.868,2	13.523,6	13.268,8	13.355,9	13.681,6	14.203,3	14.785,6	15.015,3
Decil 6	10,3%	9,7%	11,8%	11,9%	11,3%	11,3%	11,1%	12,5%	10,3%	13,7%	10,5%	9,7%
Renta máxima	16.170,2	17.046,9	16.890,2	16.156,6	15.988,2	15.736,4	15.458,8	15.517,4	15.869,0	16.666,6	17.063,6	17.423,2
Decil 7	10,9%	11,6%	11,6%	12,1%	11,9%	11,3%	11,7%	10,8%	10,0%	12,8%	11,8%	12,3%
Renta máxima	18.781,9	19.701,3	19.743,7	18.898,5	18.935,4	18.293,7	18.348,0	18.225,8	18.602,6	19.341,2	19.946,1	20.359,5
Decil 8	9,1%	10,8%	9,6%	9,9%	9,1%	10,1%	11,9%	11,0%	10,3%	11,1%	10,1%	10,8%
Renta máxima	22.080,0	23.466,9	23.203,5	22.728,2	22.700,1	21.933,2	22.083,0	21.798,1	22.359,4	23.236,8	23.665,6	24.103,6
Decil 9	6,6%	5,5%	6,7%	7,5%	7,7%	8,7%	8,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%	9,1%
Renta máxima	28.397,8	29.646,1	29.713,5	28.880,1	28.769,2	27.860,5	27.793,8	27.798,8	28.438,9	29.256,2	29.767,0	29.907,0
Decil 10	5,3%	4,7%	6,8%	6,8%	7,3%	7,0%	7,1%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%	7,7%
Renta desde	28.397,9	29.646,2	29.713,6	28.880,2	28.769,3	27.860,6	27.793,9	27.798,9	28.439,0	29.256,3	29.767,1	29.907,1

Observase que no Decil 1, que corresponde a persoas en pobreza severa, situábanse o 8,9% dos fogares no 2019, sen apenas variación entre 2018 e 2019. O dato significativo está no Decil 2, aquelas persoas preto da pobreza severa pero lonxe do limiar de pobreza relativa, que aumentou do 8,2% ao 10,9%. O Decil 3 apenas baixou tres décimas.

RESUMO

GALICIA AROPE 2019 INTERSECCIÓN DE COMPONENTES POBOACIÓN: 2.700.441



AROPE 2019: 24,3% | 655.316
POBOACIÓN NON AROPE: 75,7%

- **No 2019, 655.316 persoas, o 24,3% da poboación residente en Galicia, estaba en Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social (AROPE nas siglas en inglés).** Un punto por debaixo da media estatal pero por riba do 2018 que foi do 23%.
- Galicia é unha das oito comunidades autónomas que conseguiu reducir a súa taxa AROPE a cifras inferiores ao comezo da crise, do 25,1% no 2008 ao 24,3% no 2019.
- **A taxa AROPE nos homes aumentou no 2019 ata o 24,3%** dende o 23%. No caso das mulleres aumentou 0,2 puntos, do 23,9% ao 24,1%. O escaso acceso ao emprego digno (especialmente nos homes) e o aumento das carencias materiais severas (especialmente en mulleres) debido en gran parte ao maior gasto en vivenda motivan este aumento.
- **No 2019, un 20% da poboación galega estaba en risco de pobreza (540.729 persoas).** 2 décimas máis que no 2018 e 9 décimas menos dende 2008.
- **A feminización da pobreza redúcese. Un 20% das mulleres se atopaban en risco de pobreza no 2019, ao igual ca os homes.** Entre 2018 e 2019, 15.833 homes (+0,2 puntos) e 15.789 mulleres (+0,1 puntos) entraron na pobreza.
- **A pobreza severa aumenta. 212.000 persoas, o 7,9% da poboación, vive con ingresos inferiores a 500€/mes.** Unha porcentaxe superior ao do 2008 cando foi do 6%.
- **332.967 persoas maiores de 65 anos reciben unha pensión cuxo importe é inferior ao limiar da pobreza.** É dicir, o 43,4% de tódalas pensións e o 52,5% das de viuvez (case todas de mulleres). 157.208, o **20,5%, están por debaixo do limiar da pobreza severa.**
- As **persoas accederon de xeito moi limitado ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e se o atoparon foi de baixa calidade** e en condicións de precariedade laboral
- **11,9% da poboación menor de 60 anos vivía no 2019 en fogares con baixa intensidade de emprego** (218.343 persoas, 12.000 máis que no 2018 co 11,1%).
- O empeoramento débese ao mal desempeño da taxa masculina que aumentou do 10,5% ao 12,6%. A taxa feminina reduciuse do 11,8% ao 11,1%, o que reverteu as diferencias en función do sexo.
- **As persoas en Privación Material Severa aumentan do 1,6% ao 3,6%,** Especialmente na das mulleres que pasa do 1,2% ao 3,6%, mentres a dos homes pasa do 2% ao 3,7%.
- **O elevado gasto en vivenda non digna nin accesible está a actuar como un aspirador de rendas** que obriga a priorizar sobre gastos imprevistos ou na calidade da alimentación e que impide de facto o éxito nos procesos de inclusión social.
- Os datos do Ministerio de Hacienda confirman que a poboación con ingresos por unidade de consumo nos tramos máis baixos de renda aumentou do 17% ao 19,8% entre 2018 e 2019.

Máis información en: www.pobreza.gal
www.eapn.es/estadodepobreza/